

# RECOMENDACIÓNS DE AUDICIÓ E LINGUAXE




Podedes usar unhas imaxes que están máis abaixo neste blogue da **"AULA NARANJA"** para explicar a situación que estamos a vivir: *que é o coronavirus? Que debemos facer? E para explicarlles que estes días estarán na casa e deberán traballar nela.*


A continuación, enumero unha serie de ideas de actividades para traballar a maioría dos ámbitos que traballamos en AL e con recursos que podedes ter na casa, segundo o/a neno/a virán ben unhas ou outras. Un pouquiño cada día, e de forma lúdica, seguro que pasades un ratiño agradable e, ao mesmo tempo, eles traballan cousillas importantes.



- Todas as mañás adicar un tempo ás **RUTINAS**:
  - **Calendario**: Que día é hoxe? (Exemplo: Día: Luns 16. Mes: marzo. Ano: 2020). Estamos en inverno. Hoxe é- Onte foi- Mañá será.
  - **Tempo**: mirar pola fiestra e falar de como está o ceo, se fai vento, se chove...
  - **Emocións**: Como me sinto hoxe? Por que? Se estou triste, enfadado ou nervioso, que podo facer para estar contento e tranquilo? (darlle opcións: abrazo, cosquillas, xogar a algo, escoitar música...).



- **Motricidade fina** para mover os deditos, como: enroscar tapóns, coller cousas con pinzas, meter lanas por botóns ou abalorios para facer pulseiras, colares de macarróns pintados, bolitas de papel para facer un collage, poñer gomas elásticas no cartón do papel hixiénico, recortar, pegar...e todo o que se vos ocurra.



- **O esquema corporal**: debuxándoo paso por paso con axuda (cabeza, cuello, corpo tronco, pernas, pés brazos, mans), xogar a tocarse nun mesmo ou noutro unha parte do corpo, así tamén se aproveita para interiorizar o "Tú- yo/ tu...-mi...").









- **Xogos de atención e concentración**: realizar puzzles, o tangram, ao Memory, cos Lego, buscar as diferencias en dous debuxos, laberintos, busco a Wally...



- **Xogos orais**: facer historias cos xoguetes ou con debuxos, xogar ao "veo-veo", aos xestos, xogos de imitación, de mover os órganos bucofonatorios, ler contos conxuntamente e falar sobre eles ou sobre debuxos animados.....", xogar a "cadea de palabras", deletreo, ao "tabú- palabras prohibidas", inventar outros finais a un conto, xogar a "que pasaría si..." (inventar historias sociais onde ten que resolver problemas e razonar situacións da vida cotiá ou inventar historias imaxinarias e rocambolescas para traballar a creatividade), etc.



- **Traballar a escritura**: contar o que fai durante o día, escribir unha receta de cociña que logo se pode facer en familia, escribir sobre alguna noticia ou tema que lle interese, xogar a "palabras que empezan por...", etc.

	<p>➤ <b>Xogos de mesa:</b> respectando as quendas, as normas do xogo e intentando controlar a frustración cando se perde. Explicar claramente as normas do xogo antes de comezar e podedes empregar debuxos como apoio visual para que quede máis claro).</p>
	<p>➤ <b>Xogar cos xoguetes en familia,</b> facendo unha historia, xogos de rol, procurando que o/a neno/a se introduza no xogo prantexado polo adulto (xogo guiado e atención compartida).</p>
	<p>➤ Adicar un tempo todos os días, mellor un pouco antes de durmir, <b>á relaxación.</b> Crear un clima acolledor nun lugar que lle guste (con luces móbiles, unha lamparita, música relaxante, facer masaxes cunha pluma, coas mans, respirar profundamente inspirando polo nariz e espirando pola boca, desinflándonos como se fósemos un globo, apretar unha pelota, etc.).</p>
	<p>➤ <b>Manualidades,</b> experimentos ou calquera actividade cotiá e en familia que favoreza a <b>estimulación táctil, visual, olfativa e gustativa:</b> buscar diferentes texturas pola casa (suave-áspero, duro-brando, ríxido-flexible, de madeira, plástico, cristal, metal, etc), amasar, facer slime, probar alimentos e dicir se me gusta ou non me gusta, contos con lanternas na oscuridade, plastilina, facer bolsas sensoriais...).</p>
	<p>➤ Ter unas <b>rutinas diarias ben estruturadas,</b> anticipar o que vai facer durante o día, ter <b>normas</b> establecidas e <b>consecuencias</b> para as condutas disruptivas. O ambiente canto máis estruturado maior seguridade lles proporciona e nesta situación anómala, máis aínda.</p>
	<p>➤ Facer as súas cousas o máis autónomo posible e ter algunha responsabilidade na casa durante estes días. Así, favorecerase a súa <b>autonomía e autoestima,</b> logrando pequenos retos e sentíndose ben consigo mesmo.</p>
	<p>➤ <b>Fomentar a comunicación oral:</b> que pida as cousas, que pregunte, saudar-despedirse, que conteste ás preguntas mirando á cara, cando estableza unha conversa de forma espontánea prestarlle moita atención , etc. Reforzar positivamente este tipo de conduta</p>
	<p>➤ <b>Lavar as mans</b> moitas veces ao día e con moito empeño (podedes empregar a imaxe neste blogue).</p>
	<p>➤ <b>Disfrutar da familia, falar e xogar moito, descansar e estar tranquilos e felices!</b></p>